



# VIII TORNEO DE NADAL CONCELLO DE VIGO 2022

**Datas:** 26, 27, 28 e 29 de decembro.

**Horario:** De 15h a 21h (xoves 29 ata as 17.30h)

**Lugar:** Campos Municipais de Vigo

**Clausura:** Día 29 de decembro no Campo Municipal Pahíño de Navia as 18:00 h.  
Previamente encontros de semifinais e finais das catro categorías.

**Organización:** Concello de Vigo, AFAVI e Fundación VIDE.

**Colaboración:** Delegación da Federación Gallega de Fútbol en Vigo.

**Coordinador:** J. Daniel Costas Fernández

## Categorías:

Prebenxamín (f-8). Nados en 2015 e 2016

Benxamín (f-8). Nados en 2013 e 2014

Alevín(f-8). Nados en 2011 e 2012

Infantil (f-11). Nados en 2009 e 2010

## Inscripción:

Ata o 1 de decembro de 2022 en [vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)

A folla de inscrición de xogadores/as facilitada pola Organización do Torneo debe estar correctamente cumprimentada con tódolos datos dos/as participantes. Máximo de 16 xogadores/as en fútbol 8 e 20 en fútbol 11; e acreditando a súa idade coa licenza federativa.

Un/ha xogador/a pode participar na categoría superior a súa idade si está inscrito/a no listado de inscrición desta categoría pero, só se poderá xogar nunha categoría.

As licencias federativas deben estar á disposición da Organización do Torneo, pois de non ser así, o equipo infractor tería unha sanción de perda de tres puntos (resultado 3-0)

## Campos de Fútbol:

Fase previa: A Bouza, Candeán, Meixoeiro, Matamá, Castrelos e Pahíño de Navia.

Fase octavos e cuartos: A Bouza, Candeán, Meixoeiro, Matamá, Castrelos e Pahíño de Navia.

Fase semifinal e final: Pahíño de Navia





### Normativa:

O torneo rexerese pola Normativa da Federación Galega de Fútbol para fútbol 8 e fútbol 11 exceptuando as normas que se concretan.

Os encontros estarán dirixidos polos/as árbitros da Delegación de Árbitros de Vigo.

Contémplase a existencia dun Comité de Competición do Torneo para resolver calquera cuestión da competición; e os seus fallos serán inapelables.

*Non se permitirá a entrada aos país/nais nos vestiarios dos/as xogadores/as en ninguna das categorías.*

### Tempos de Xogo:

**Prebenxamíns e benxamíns:** 2 tempos de **14 minutos** (28 minutos en total). Os cambios de xogadores/as faránse durante o transcurso do partido. Todos/as convocados/as terán que xogar un mínimo de 14 minutos.

**Alevíns:** 2 tempos de **15 minutos** (30 minutos en total). Os cambios de xogadores/as faránse durante o transcurso do partido.

**Infantís:** 1 tempo corrido de **30 minutos**. Os cambios de xogadores/as faránse durante o transcurso do partido.

Na fase final de tódalas categorías rexiranse polo mesmo sistema de fase previa.

### Clasificación e fases:

- FASE PREVIA: Será disputada por tódolos equipos participantes que xogarán una liguíña cos equipos do grupo que lles corresponda.

FASE FINAL: Na categoría de prebenxamín clasificaranse para oitavos o 1ºE e 1ºD; e 2ºA e 2ºC. Clasificaranse para cuartos 1ºA, 1º B e 1ºC e; 2ºE, 2ºD e 2ºB.

Na categoría de benxamíns clasificaranse para oitavos o 1º e 2º de cada grupo.

Na categoría de alevíns clasificaranse para dezaseisavos o 1º e 2º de tódolos grupos. Clasificarán directo a cuartos o 1ºI, 1ºJ, 1ºK e 1ºL e; 2ºJ, 2ºL, 2ºHe 2ºG. Clasificaranse para o Torneo Autonómico Internacional os dous equipos finalistas.

Na categoría infantil clasificaranse para oitavos primeiros e segundos de tódolos grupos.

### SISTEMAS DE PUNTUACIÓN:

Para as categorías **Prebenxamíns e Benxamíns:**

Tempo Gañado: 2 puntos      Tempo empatado: 1 punto

Para a categoría **Alevín e infantil:**

Partido Gañado: 3 puntos      Partido empatado: 1 punto





**EMPATE A PUNTOS:**

En caso de empate a puntos entre os dous ou mais equipos ao finalizar a PRIMEIRA FASE deberá contemplarse para a súa clasificación o seguinte:

- 1º Gol average particular entre ámbolos dous
- 2º Diferenza de goles a favor e en contra.
- 3º Maior nº de goles a favor.
- 4º Menor nº de goles en contra.
- 5º Equipo coa menor media de idade.

**Competición:**

Na fase final os partidos que rematen en empate, éste desfarase co lanzamento de tres penalties e se continua o empate será con lanzamentos a morte súbita, sen repetir nos lanzamentos xogadores ata que tiren todos.

Para as categorías **Prebenxamín e Benxamín**, puntúase cada un dos dous tempos do encontro; de tal maneira, Para as categorías **Prebenxamín e Benxamín**, puntúase cada un dos dous tempos do encontro; de tal maneira, que o tempo gañado puntúa dous puntos e o empatado 1 punto. No caso de empate a puntos entre dous ou mais equipos ao rematar a fase previa, contemplase para a clasificación o “gol average”, partes gañadas e perdidias globais na fase e se continúan empatados pasa o equipo mais xoven.

Tempos Gañados	Tempos Empatados	Tempos Perdidos	Puntos	Puntos
2	0	2	4	0
1	0	1	2	2
1	1	1	3	1
0	2	0	2	2

Para un mellor control e organización o acceso aos vestiarios e ao terro de xogo estará limitada a entrada os/as participantes e corpo técnico.

**\*INCIDENCIAS NON CONTEMPLADAS NAS ANTERIORES NORMAS:** Calquera incidencia non contemplada nestas normas será resolta polo **\*Comité de Competición do Torneo**, e as súas resolucións ou fallos serán inapelables.

**Seguros:** Todos/as participantes disporán do seguro federado e Responsabilidade Civil. Ademais todos os campos nos que se compite deben ter ao día o pago do seguro de Responsabilidade civil.

**ENTREGA DE TROFEOS E MEDALLAS:** Entregaránse o día 29 de decembro as 18:00 horas no campo Municipal PAHIÑO DE NAVIA. É obrigatoria a asistencia de TÓDOLOS XOGADORES PARTICIPANTES E OS SEUS TÉCNICOS, para poder recoller os trofeos e medallas.

**ENTIDADES COLABORADORAS:**

